

**GUÍA DOCENTE DE MÚSICAS E MEDIOS AUDIOVISUAIS****ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA****TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)**

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | |
|--|-------------|----------|----------|----------|--------------|----|-----|---------------|-----------------------------|-----|
| DISCIPLINA: MÚSICAS E MEDIOS AUDIOVISUAIS | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE | Musicoloxía | | | | | | | ITINERARIO | Etnomusicoloxía, Histórica. | |
| CARÁCTER | Obrigatoria | | | | | | | TIPO DE CLASE | Colectiva | |
| CURSOS | 1º curso | 2º curso | 3º curso | 4º curso | DEPARTAMENTO | | | Musicoloxía | | |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | 4h. |
| ECTS/CUAD. | | | | | | | 6 | Observacións: | | |

| 2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS | |
|--|--|
| DESCRIPTOR: | Aproximación e análise dos distintos xéneros audiovisuais e descrición do papel que a música desempeña neles, valorando as formas de interacción dentro dos medios, así como os discursos e relacións entre estes e a sociedade. Usos da música, imaxinario e representación dos diferentes xéneros musicais nos medios audiovisuais, prácticas de consumo, sinerxías mediáticas e recepción social. |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: | Os requeridos na proba de acceso ao grao superior. |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: | |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T2, T4, T12 |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X5, X10, X12, X16, X18, X21, X26 |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | EM2, EM3, EM5, EM6, EM7, EM8 |
| Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro | |

| 3. OBXECTIVOS | |
|---|---------------------------------|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| 1. Analizar os distintos medios audiovisuais estudando a relación entre música e imaxe | T 2, T4, T12, X10, X12,X26, EM5 |
| 2. Estudar características e tipos da música cinematográfica | T 2, X16, X26, EM5,EM7 |
| 3. Coñecer a evolución histórica da música cinematográfica, identificando aos principais compositores do xénero | T 2, T4, T12, X10, X12,X26, EM5 |
| 4. Valorar a música cinematográfica como actividade artística de primeira orde | T 2, T4, T12, X10, X12,X26, EM5 |

| 4. CONTIDOS |
|--|
| 1. Aproximación á música nos medios audiovisuais |
| 2. A música no cine |
| 3. A música noutros medios audiovisuais |

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

| ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | CUALIDADE | TEMPORALIZACIÓN |
|---|----------------|--------------------------|
| Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula) | Presencial | Regular |
| Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a) | Presencial | Regular |
| Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto). | Non presencial | Permanente |
| Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....). | Non presencial | Esporádica |
| Titorías (atención particular ao alumno/a) | Non presencial | Esporádica |
| Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas | Presencial | Ao final do cuadrimestre |

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*